

Actividades 1º Bach - Nazismo

Nome:

Apelidos:

Curso:

Grupo:

Data:

1. Le no libro de texto todos os apartados desde os inicios de Hitler no partido nazi ata a chegada ao poder do nazismo. Despois, responde ás seguintes preguntas:
 - a) Quen foi Adolf Hitler?
 - b) De onde era?
 - c) En que partido ingresou e cando?
 - d) Que réxime de goberno existía en Alemaña no momento en que Hitler ingresa no partido nacionalsocialista?
 - e) A que problemas se tiña que afrontar a República de Weimar?
 - f) Tras que conflito xurdíu a República de Weimar?
 - g) Cal foi a primeira tentativa de golpe de estado que fixo Hitler e os seus?
 - h) Que lle pasou a Hitler tras iso?
 - i) Onde escribiu Mein Kampf?
 - j) Que significa Mein Kampf?
 - k) Cales son as ideas principais de Mein Kampf?
 - l) Cando Hitler sae do cárcere, que fai?
 - m) Á altura de 1928, o partido nacionalsocialista tiña moito ou pouco apoio da sociedade?
 - n) Que acontecemento a nivel mundial marcará o inicio do ascenso dos nazis?
 - o) Por que cres que as crises económicas radicalizan tanto o pensamento e o voto das persoas?
 - p) Por que os nacionalsocialistas culpaban aos xudíos de todos os males do país?
 - q) Como era a situación económica en Alemaña tras o Crac do 29?
 - r) Que foi o Crac do 29?
 - s) Gañou realmente Hitler as eleccións de 1933?
 - t) Que fixo Hitler para converter a democracia nun estado totalitario?
 - u) Que é un estado totalitario?
 - v) En que ano se converteu Hitler no amo completo de Alemaña? Despois da morte de quen?